



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu José Manuel Lage Tuñas e do seu deputados e portavoz Xoaquín María Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**, co obxecto de impulsar a **redución da administración institucional da Xunta de Galicia e particularmente a eliminación da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e as 34 fundacións comarcais creadas pola Xunta de Galicia, entre outras.****

A actual conxuntura de crise económica, caracterizada polo elevado desemprego, o débil crecemento económico e a caída dos ingresos públicos, fai imprescindible establecer para o conxunto dos poderes públicos en xeral e para Xunta de Galicia en concreto, un conxunto de actuacións que contribuían á superación da actual situación, comezando por tomar decisións que permitan racionalizar a administración pública e facela máis eficiente.

O presidente da Xunta de Galicia ten feito durante o ano 2009 anuncios publicitarios dunha suposta “racionalización” da administración institucional da Xunta de Galicia, o que teoricamente debería tido consecuencias prácticas durante o ano 2010, dadas as necesidades orzamentarias e a mellor xestión da administración pública que debe ter como obxectivo todo Goberno.

Nin durante o ano 2009 nin durante o ano 2010 o Goberno galego ten tomado decisións de alcance que teñan suposto a desaparición dunha serie de organismos e sociedades creados durante os 16 anos de Goberno do Partido Popular (1990-2005), a pesares da queixa permanente que exerce o presidente da Xunta sobre os recortes orzamentarios que sofre a comunidade autónoma.

En abril do ano 2010, unha vez máis o presidente da Xunta de Galicia anunciaba que ía “adelgazar” a administración paralela e comezaría a eliminar organismos e sociedades dependentes.



Tanto o Sr. Núñez Feijóo como o Sr. Rueda Valenzuela, conselleiro da Presidencia, fixeron fincapé tanto no ano 2009 como no comezo do ano 2010 na necesidade de eliminar a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e tamén as 34 fundacións comarcais dela dependentes.

Partido dos Socialistas de Galicia

Pero un ano e medio despois da toma de posesión de Alberto Núñez Feijoo como presidente da Xunta sigue existindo a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e tamén as 34 fundacións comarcais dela dependentes, o que amosa ou unha deficitaria xestión dos acordos tomados, ou ben unha campaña de marketing sen consecuencias nin decisións.

A Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural, xa contemplaban a desvinculación da Xunta de Galicia das Fundacións Comarcais e o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo só tiña que desenvolver os correspondentes decretos para materializar o final da aventura iniciada polos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia cando impulsaron a Lei de Desenvolvemento Comarcal, as fundacións comarcais e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

A supresión da SODECO e das Fundacións Comarcais podería supoñer un aforro estimado non inferior aos seis millóns de euros, o que tería suposto xa no ano 2010 unha importante axuda para as arcas autonómicas pero o goberno galego parece máis preocupado de buscar responsabilidades fóra de Galicia que de exercer as súas competencias e gobernar o país.

Tendo en conta a necesidade de impulsar unha racionalización real da administración institucional da Xunta de Galicia e co obxecto de que se proceda con urxencia á supresión da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e tamén as 34 fundacións comarcais dela dependentes, consideramos importante actuar con urxencia para que os recortes



Grupo Parlamentario

orxamentarios que teña que facer o Goberno se fagan sobre o gasto improdutivo e non sobre as políticas públicas necesarias.

Dado que o Goberno galego ten feito moitos anuncios pero ten tomado poucas decisións ao respecto, entendemos necesario que se axilice a redacción da administración paralela de xeito efectivo para poder afrontar o exercicio orxamentario do ano 2011 cunha administración pública galega máis eficiente e cun organigrama máis simplificado que aporte axilidade na xestión pública.

Polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a proceder á reestruturación do sector público autonómico, activando o **adelgazamento da chamada “Administración paralela” ou “Administración Institucional”**, levando a cabo:

- a) No prazo de dous meses e antes de que finalice o ano 2010, e de acordo coa normativa en vigor e a Lei 12/2008, a disolución da totalidade das fundacións comarcais para o desenvolvemento comarcal de Galicia.
- b) Antes de que finalice o ano 2010, a disolución do resto de organismos e entidades, de acordo co aprobado no Consello da Xunta de Galicia de 24 de abril de 2010, así como:
  - b.1.) Integrar no IGAPE as funcións, recursos, persoal e patrimonio do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. (BIC Galicia), procedendo a súa disolución..
  - b.2.) Unificar nunha única entidade, ás Sociedades Sodiga Galicia, S.C.R., S.A. e Xes Galicia S.G.E.C.R., S.A., incluíndo dentro da mesma ao INESGA (Inversións Estratéxicas de Galicia S.A.).



Grupo Parlamentario

b.3.) Fusionar as catro empresas provinciais Xestures, nunha única Xestur – Galicia, logo dos trámites oportunos e negociacións co resto do accionariado actual das devanditas empresas públicas.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2010

Asdo.: Jose Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Deputado e portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 30/08/2010 11:55:29**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/08/2010 11:55:39**